



Lisboa e o mal. Notas

Santiago Lamas. elcercanoediciones, Ourense 2017, 425 p.

Este libro, cuxo atractivo título responde ás implicacións sociais e filosóficas que tivo o terremoto da capital portuguesa en pleno século XVIII, ábrese con dezaseis citas dunha terrible lucidez. De exemplo, estas dúas:

«(A maioría) da xente nunca ten a oportunidade de que o poder poña a proba o seu sentido moral innato, de tal xeito que na práctica estamos obrigados a tirar a cínica conclusión seguinte: os homes só son decentes na medida en que non teñen poder». (G. Orwell)

«O porvir só pertence aos que saben odiar». (Arthur Koestler)

No limiar –toda unha declaración de intencións– agrádecese a obxectividade na denuncia do mal. Explícome: non é un libro de bos e malos; o mal está en todas as ideoloxías, terras e xentes. Non hai maior altura moral nin maldade nuns que noutros.

Tras recordarnos o autor a atinada reflexión de F. Furedi

(hoxe en día atrae máis o mal motivado por tendencias internas, o mal gratuito, por así dicir –como pode ser nos perturbados: psicópatas, maltratadores de toda índole– que o mal que fan os que teñen razóns económicas ou ideolóxicas), agroma a dificultade da definición do mesmo mal. Tal vez por iso sexa máis doado mostrar as súas fontes, que poden ser o mesmo individuo, o medio no que se desenvolve e a razón que Baumann chama antropolóxica, a cal defende que o máis difícil é facer o mal por primeira vez: por exemplo, foi máis fácil botar a bomba atómica a Nagasaki que a Hiroshima.

Lisboa foi una catástrofe natural; Auschwitz, moral. Esta sería a conclusión a que se chega ao remate do capítulo do título da obra, unha interesante parte que se centra no debate teolóxico que tamén abriu o sismo de 1755. Avanzando, e aberta a liña de reflexión sobre Auschwitz,

Lamas dá a palabra a voces feridas polo III Reich coma a de Stirner e a de Hanna Arendt, na súa exposición da banalidade do mal no caso Eichmann. Tamén apela a Hans Jonas, outro pensador xudeu –referente hoxe na ética aplicada– pero para chamar a atención sobre o coidado da nosa casa: a Terra. A ética deixa de ser antropolocéntrica.

Sade ten sitio neste traballo, como non o ía ter?, e o dilema era previsible: é literatura e só imaxinación a obra do marqués? Merece respecto ou, pola contra, repugnancia ética?

A contribución da Biblia vén dada polo libro de Xob, unha das primeiras reflexións do mal na historia, e polos capítulos de Noé, aducidos para tratar o problema do mal futuro.

O mal nestes tempos non é só un problema relixioso: diso é ben consciente Andrés Torres Queiruga, que chega a unha teodicea –resposta cristiá– dende a poneroloxía, que sería o estudo do mal á marxe de toda confesión relixiosa, un estudo do mal en si mesmo. Para o teólogo galego a clave da teodicea é facer preguntas con sentido. «Por que Deus non impide o

mal?» sería unha pregunta de dubidoso sentido.

O autor segue o seu estudo reconsiderando o «mito» do bo salvaxe e a idílica Samoa que referiu Margaret Mead, e que non resultaron de natural tan benévolo; o mesmo –esa suposta dozura de carácter– desmente a etoloxía ao observar as condutas de chimpancés e bonobos. Lamas dedica máis páxinas, e volta, á burocracia asasina do nazismo, achegando explicacións psicolóxicas –os célebres experimentos de Milgram, Asch e Zimbardo– e sociolóxicas.

Isto desemboca nos capítulos do holocausto asiático, non tan coñecido coma o dos xudeus e igual de salvaxe. Mais todos eles teñen algo en común no seu funcionamento, na súa forma de actuar, na súa estratexia: a deshumanización das vítimas, a fala administrativa, a difusión de responsabilidades e o anonimato. Talvez explicado polo que Max Weber chama a «ética da convicción».

Así mesmo, algúns personaxes literarios de sona están no amplo «catálogo» do mal que nos ofrece o autor, como Macbeth e Iago, de *Otelo*, sen

esquecer a magna obra de Melville, *Moby Dick*.

Con todo isto, Santiago Lamas achega as teorías que intentan achar se o mal é innato a nós ou é algo que aprendemos...

E, despois de todo, que é o mal e cal é a súa razón? Hoxe non hai unha explicación que dea resposta completa.

A segunda parte –que ben podería ser outro libro– dedícase ao islam e aos terroristas suicidas, e ocúpao e preocúpalle a Lamas porque quere atopar algún sentido a feitos tan atroces e comúns nos últimos tempos, e por todos coñecidos. Trata da orixe desta relixión, hai comparacións co xudaísmo e o cristianismo, aborda o papel da muller e a modernización do islam, a política, o islam en Europa...

En fin, cunha escritura áxil e achegada, temos un comple-

to percorrido por recentes reflexións sobre o mal, facendo pé nos clásicos. A obra, aínda que con humildade subtitúlase *Notas*, é unha digna axuda cun importante traballo de información detrás, que me fai pensar que vén de lonxe e é froito das inquiredanzas dunha vocación e profesión tan próximas ao sufrimento das persoas.

O psiquiatra Santiago Lamas, nado en Pontevedra, vive en Ourense. Non só o exercicio médico ocupou o seu día a día, senón tamén a escrita, actividade á que –na súa xubilación– segue dedicándose. Entre outras obras é autor de *Teimas e Retallos*, El Cercano Ediciones, 2015; *Fisterras atlánticas*, Galaxia, 2012; *Ferrín e outras historias*, Edicións do Castro, 2007; *Galicia borrosa*, Edicións do Castro, 2004.

Tito Suárez Pérez